

Instrución 1/2024-25 da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, mediante a que se establece o procedemento de asignación das prazas vacantes e os seus prezos públicos nas residencias públicas universitarias da Universidade da Coruña (UDC)

Aprobada na reunión do Consello de Goberno do 30/04/2024

1. Requisitos dos solicitantes e orde de preferencia

Poden solicitar unha das prazas vacantes nas residencias públicas universitarias da UDC, por esta orde de preferencia, as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos e que non residan habitualmente na zona metropolitana da residencia da súa elección:

1. Estudantes que non obtiveran unha praza na convocatoria de prazas para o estudantado da UDC nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol e A Coruña do ano académico en curso e quedaran en lista de agarda.
2. Estudantes que estean na UDC no marco dun convenio internacional.
3. Profesoras/es da International Summer School da UDC.
4. Estudantes da UDC de grao, máster ou doutoramento, até que finalicen a súa carga docente presencial nos campus da UDC.
5. As persoas con vinculación coa UDC que realicen traballos de docencia, investigación, administración ou servizos e que supoñan a súa permanencia continuada na cidade da residencia universitaria na que solicitan praza, sempre que non sexa a do seu domicilio habitual.
6. Profesores/as visitantes ou do programa Erasmus.
7. Estudantes da International Summer School da UDC. Poderán ocupar a praza que lles sexa concedida desde o día anterior ao de inicio do curso ou encontro e até o día seguinte á finalización deste.
8. Participantes en cursos ou congresos organizados pola UDC. Poderán ocupar o aloxamento desde o día anterior ao de inicio do evento até o día seguinte á finalización deste.
9. Outros casos valorados pola Comisión de Extensión Universitaria.

Quedan excluídos as/os residentes que cometesen faltas graves e fosen sancionadas/os coa súa expulsión definitiva durante a súa estada nalgunha das residencias públicas universitarias da UDC, polo tempo indicado na correspondente resolución.

A ocupación dunha praza en calquera das residencias públicas universitarias da UDC implica a aceptación das normas que as rexen e do Regulamento de réxime interno das residencias públicas universitarias da UDC.

2. Solicitudes

A solicitude deberá facerse mediante o **formulario** accesible por vía telemática que figura na páxina web no seguinte enlace: <https://www.udc.gal/gl/sape/aloxamento/>

O prazo de solicitude das prazas vacantes nas residencias públicas da UDC permanecerá aberto dende o momento en que se produzan as vacantes tras resolverse a convocatoria pública da UDC até o último día hábil do mes de xuño do ano académico.

Non se poderán facer solicitudes cunha antelación superior a 2 meses a data de entrada solicitada. O período mínimo de estadias será de 3 días naturais e non se admitirán solicitudes para estadias de períodos discontinuos.

Código Seguro De Verificación	G01MNHjTEZDdHMiitNbs6w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	30/04/2024 17:38:56
	Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	30/04/2024 16:19:13
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/G01MNHjTEZDdHMiitNbs6w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Unha vez que se recibe a solicitude, esta será revisada e, se procede, requirirase a documentación xustificativa pertinente para cada caso. Este requirimento e as comunicacións necesarias realizaranse no enderezo de correo electrónico que se indica na solicitude.

3. Adjudicación de prazas

A adjudicación realizaraa a Comisión de Extensión Universitaria (CEU) cada vez que se reúna, tendo en conta as solicitudes recibidas até esa data e de acordo cos criterios de prelación do punto 1, excepto no caso das solicitudes que cumpran os requisitos esixidos que serán aprobadas de forma automática e directa pola administración da residencia e co visto e prace da vicerreitora correspondente.

Os casos aprobados automaticamente serán informados á CEU, na reunión inmediatamente posterior a súa aprobación.

Aprobada a solicitude comunicarase á persoa interesada, no enderezo de correo electrónico facilitado na súa solicitude, a aprobación coas características, prezo e procedemento de pago do cuarto.

Prezos públicos e procedemento de pago

4.1. Prezos por aloxamento

4.1.1. Para o estudiantado:

TIPO DE HABITACIÓN	PREZO POR ESTUDANTE E DÍA (IVE incluído)	PREZO POR ESTUDANTE E MES (IVE incluído)
Individual	20 €	253 €
Doble	15 €	220 €

3.1.2. Para o resto de casos:

TIPO DE HABITACIÓN	PREZO POR RESIDENTE E DÍA (IVE incluído)	PREZO POR RESIDENTE E MES (IVE incluído)
Individual	34 €	446 €
Doble	30 €	356 €

O prezo por día aplicarase ata que se alcance o prezo do mes.

3.1.3. Para o profesorado da International Summer School:

O custo será asumido pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

As persoas adjudicatarias na convocatoria de prazas para o estudiantado de UDC nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol e A Coruña do curso vixente que soliciten a ampliación do seu período de aloxamento manterán a cota que tiñan asignada, de forma proporcional aos días de estadia. Se cambian de tipo de cuarto aboarán, dentro da mesma cota, o prezo correspondente ao novo cuarto asignado.

Código Seguro De Verificación	G01MNHjTEZDdHMiitNbs6w==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas		Asinado	30/04/2024 17:38:56
	Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña		Asinado	30/04/2024 16:19:13
Observacións			Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/G01MNHjTEZDdHMiitNbs6w==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



O procedemento de pago comunicarase por correo electrónico xunto coa concesión da praza.

4.2. Fianza:

TIPO DE HABITACIÓN	Estadías	
	inferiores ou iguais a 1 mes	superiores a 1 mes
Doble	exentas	150 €
Individual	exentas	200 €

O procedemento para o ingreso da fianza e as mensualidades comunicarase xunto coa concesión da praza no correo electrónico facilitado no formulario da solicitude.

Dende o día seguinte a comunicación por correo electrónico da concesión da praza, a persoa interesada disporá de cinco días hábiles para a aceptar a praza e depositar a correspondente fianza (de ser o caso).

Transcurrido o prazo para depositar a fianza sen facer o ingreso entenderáse que a persoa interesada desiste da súa solicitude.

A fianza devolverase ao final do curso, agás naqueles casos en que o/a estudante deteriorase as instalacións ou a moblaxe da residencia, teña pendentes débedas ou abandone a residencia por decisión propia antes do prazo solicitado no formulario (neste caso agás causas excepcionais e debidamente xustificadas) ou non comunique a baixa con 5 días de antelación a data de fin da estadia.

4. Renuncia a praza e baixa na residencia

As persoas residentes deberán comunicar a renuncia a praza e baixa na residencia nun prazo mínimo de 5 días hábiles de antelación a data da súa baixa. Neste último caso, a fianza poderá devolverse en casos excepcionais debidamente xustificadas.

A renuncia comunicarase por correo-e a:

residenciauniversitaria.coruna@udc.gal (Residencia Coruña) e residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal (Residencia Ferrol)

O incumprimento desta obriga dará lugar a perda do dereito de devolución da fianza, se é o caso.

Disposición adicional

Para todo o non recollido nesta instrución aplicarase de forma supletoria o recollido na convocatoria anual de residencias, regulamento e normas de uso interno.

Disposición derogatoria

A presente instrución derroga a Instrución 1/2023-2024 da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, mediante a que se establece o procedemento de asignación das prazas vacantes nas residencias públicas universitarias da Universidade da Coruña (UDC).

Código Seguro De Verificación	G01MNHjTEZDdHMiitNbs6w==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas		Asinado	30/04/2024 17:38:56
	Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña		Asinado	30/04/2024 16:19:13
Observacións			Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/G01MNHjTEZDdHMiitNbs6w==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora de Estudantes e
Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña

A vicerreitora do Campus de Ferrol e
Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas

Código Seguro De Verificación		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	30/04/2024 17:38:56
	Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	30/04/2024 16:19:13
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/G01MNHjTEZDdHMiitNbS6w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

